

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL PARA O CURSO 2024/25

CALENDARIO:

Presentación de solicitudes: dende o 21 de Maio ata 21 de Xuño de 2024

Publicación de listaxes provisionais: 12 de Xullo de 2024

Reclamacións aos listados provisionais: 13 e 14 de Xullo de 2024

Listaxes definitivas: 26 de Xullo de 2024

De acordo coa **ORDE** que regula a participación no fondo solidario as solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II), accesible dende a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE (ANEXO I):

- ANEXO II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- COPIA DO LIBRO DE FAMILIA ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

SE É O CASO:

- Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI ou NIE.

ALUMNADO REPETIDOR DE 4º ESO:

Poderá presentar solicitude de participación no fondo solidario no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.